## Inscrición cursos

No enderezo web:
www.**e-negociogalicia.com/formacion/cursos**

## Cursos gratuítos. Prazas limitadas

**Vindeiros cursos:**

| Ciudad | Fecha | Hora | Lugar |
|---|---|---|---|
| Ferrol* | 21,22,23 xaneiro | 16:30 a 20:30 | Ferrol (por definir) |
| A Coruña | 28,29,30 xaneiro | 16:30 a 20:30 | Aula de Teleformación. Escola de Arquitectura. Edificio de departamentos. Campus da Zapateira |
| Vigo | 11,12,13 febreiro | 16:30 a 20:30 | Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (CACTI). Campus As Lagoas s/n |
| Lugo | 18,19,20 febreiro | 16:30 a 20:30 | Aula de Productos Lácteos Recinto feiral, El Palomar |
| Ourense* | 25,26,27 febreiro | 16:30 a 20:30 | Centro Multimedia. Delegación de cultura. C/Curros Enríquez nº1. Edificio da Torre |
| A Coruña | 5,6,7 marzo | 16:30 a 20:30 | Aula de Teleformación. Escola de Arquitectura. Edificio de departamentos. Campus da Zapateira |
| Pontevedra* | 11,12,13 marzo | 16:00 a 20:00 | Centro Sociocultural Caixa Galicia-Aula de informática Plaza de San José, 3 |
| Ferrol | 25,26,27 marzo | 16:00 a 21:00 | CIS Galicia A Cabana, s/n |
| Lugo | 09,10,11 abril | 16:30 a 20:30 | Aula de Productos Lácteos Recinto feiral, El Palomar |
| Ourense | 22,23,24 abril | 16:30 a 20:30 | Centro Multimedia. Delegación de cultura. C/Curros Enríquez nº1. Edificio da Torre |
| Ferrol | 13,14,15 maio | 16:00 a 21:00 | Por Definir |
| Pontevedra | 20,21,22 maio | 16:00 a 20:00 | Centro Sociocultural Caixa Galicia-Aula de informática Plaza de San José, 3 |
| Ourense | 10,11,12 xuño | 16:30 a 20:30 | Centro Multimedia. Delegación de cultura. C/Curros Enríquez nº1. Edificio da Torre |
| Pontevedra | 01,02,03 xuño | 16:00 a 20:00 | Centro Sociocultural Caixa Galicia-Aula de informática Plaza de San José, 3 |

*Celebración pendente de cubrir prazas
Estes cursos poden sufrir variacións. As datas e os horarios actualizados están dispoñibles en **www.e-negociogalicia.com**


**Máis información**
Centro de Competencias en Comercio Electrónico
Avda.de Vigo, s/n (Campus Sur) Edif. CESGA
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 569 810 Fax: 981 594 616
www.e-negociogalicia.com
info@e-negociogalicia.com
cursos@e-negociogalicia.com


**Organiza:**
Centro de Competencias en Comercio Electrónico
Universidade da Coruña

Centro de Competencias en Comercio Electrónico

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ist

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

e-MINDER

**Colaboran:**

CMG

CIS Galicia TECNOLOXÍA E DESEÑO CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVICIOS

C.A.C.T.I.

CAIXAGALICIA

Cámaras Galicia

# Programa de Formación de Comercio Electrónico para PEMES 2003

**Dirixido a:**
**empresarios e persoal de PEMES**

**Curso gratuítos**
**Prazas limitadas**



Centro de Competencias en Comercio Electrónico

www.e-negociogalicia.com

# Programa de Formación de Comercio Electrónico para PEMES

2003

## 1. Descrición

O comercio electrónico é un instrumento de grande potencial para incrementar a competitividade das empresas galegas. Por iso, tanto os directivos como o persoal das PEMES precisan cada vez máis dispoñer dun conxunto de coñecementos básicos que lles permita comprender as vantaxes das novas tecnoloxías e as posibilidades de aplicación no negocio das súas empresas.

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia pretende satisfacer estas necesidades organizando, xunto coa Universidade da Coruña, unha serie de cursos que permiten ás PEMES dispoñer da información necesaria sobre as vantaxes que pode reportar a aplicación do comercio electrónico como unha nova canle de venda.

## 2. A quen vai dirixido

O Programa de Formación do Centro de Competencias vai dirixido a empresarios, persoal de PEMES galegas e autónomos interesados en coñecer as posibilidades que ofrece Internet e o comercio electrónico como novo medio de negocio, do que sacar unha vantaxe competitiva interesante e con perspectivas de futuro.



## 3. Contidos

Os contidos están orientados a proporcionar un enfoque empresarial, máis que técnico, dirixido ás PEMES:

- Conceptos básicos do comercio electrónico
- B2B (relacións de negocio entre empresas)
- B2C (relación empresa-consumidor)
- Implantación
- Marketing en Internet
- Seguridade
- Medios de pago
- Loxística
- Aspectos xurídicos
- Experiencias prácticas
- Aspectos relacionados cos custes

Ademais das exposicións, que irán acompañadas do correspondente material didáctico, comentaranse experiencias de empresas, realizaranse debates e respostaranse ás dúbidas dos asistentes.

## 4. Enfoque

O Programa de Formación ten un enfoque práctico e de negocio, cun carácter introductorio e horizontal, non especializado. Tódolos asistentes ós cursos contarán cun ordenador e conexión a Internet para poder seguir as indicacións do profesor. Ó remate do curso, os asistentes recibirán un diploma acreditativo.

## O Centro de Competencias

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro promovida pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia e apoiada polo CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia).

O obxectivo do Centro de Competencias é fomentar, apoiar e axudar ás PEMES galegas no aproveitamento das novas tecnoloxías e Internet e na adopción de procesos de negocio electrónico.

O Centro de Competencias forma parte do proxecto europeo e-MINDER, a Rede Europea Rexional de centros de competencias para a promoción do comercio electrónico.

**Cursos de carácter gratuíto**

Centro de
Competencias en
Comercio Electrónico

www.e-negociogalicia.com